

007640 24.02.2011 13:11

Á vista do escrito de don José Manuel González Díaz, Coordinador da Área de Orientación Laboral da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización de prácticas da titulación do Master Universitario en Procesos de Formación impartido na Facultade de Ciencias da Educación, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que a Área de Orientación Laboral arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela;

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Master Universitario en Procesos de Formación da Facultade de Ciencias da Educación, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado,

RESOLVE

Autorizar a realización dos prácticas do alumnado da titulación do Master Universitario en Procesos de Formación nas dependencias da Área de Orientación Laboral que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, e a súa duración é a que establece o plano de estudos. (6 créditos ECTS).
- O obxecto das prácticas céntrase na orientación laboral e mentoría. Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica do Master de acordo coa Área de Orientación Laboral e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas na Área de Orientación Laboral non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito. O número de prazas fixarase en cada convocatoria de acordo coa coordinación do master.
 - A Comisión Académica do master, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a Área de Orientación




Laboral nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas da Área de Orientación Laboral.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o Informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Área de Orientación Laboral emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2014

O REITOR



Juan José Casares Long

SR..DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

D. JOSE MANUEL GONZALEZ DIAZ

D^a CARMEN FERNANDEZ MORANTE- COORDINADORA MASTER EN PROCESOS DE FORMACION.

SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA